

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 22 de xuño de 2026**

Con data vinte e dous de xuño do ano dous mil vinte e seis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a María Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Escusa a súa ausencia o deputado provincial D. César Manuel Fernández Gil.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2026 (2026/23Q/XGL).- A Secretaría Xeral deu

traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xuño de 2026. Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o

seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBAR AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS A ENTIDADES POLO USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”, DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2025-2026 (Exp. 2026/4207B).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de

Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras e a convocatoria de concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada deportiva 2025-2026, nos termos que se reflicten a continuación:

1ª. OBJECTO

O obxecto destas bases é regular a concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz durante a tempada deportiva 2025-2026.

De conformidade co establecido no artigo 5 da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP núm. 107 de data 11.05.2023): ***“A Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal, trala solicitude previa dos interesados, cando a actividade para a que se van utilizar as instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportarlle un beneficio económico ao solicitante. Anualmente, ao longo da temporada deportiva, a Xunta de Goberno realizará unha convocatoria pública para a solicitude e concesión de bonificacións. O acordo de convocatoria incluírá unhas bases reguladoras, nas que se definirán os prazos de presentación de solicitudes, a documentación que debe presentarse e os lugares e condicións para a súa presentación, concretándose ademais os criterios de valoración e indicadores que se van utilizar para a ponderación das solicitudes presentadas”.***

2ª. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios aquelas entidades deportivas, culturais ou recreativas que fagan uso do Pazo dos Deportes durante a tempada deportiva 2025-2026, cando a

actividade para a que se van utilizar as instalacións non reporte ningún beneficio económico á entidade solicitante e ademais teña un claro carácter de interese público, social, sociosanitario, cultural ou deportivo.

3ª. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, subscritas pola persoa representante da entidade, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>)

4ª. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación, para aquelas entidades que fagan uso das instalacións durante toda a temporada deportiva, iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases no BOP de Ourense, e rematará un mes despois da súa publicación.

Para actividades puntuais e extraordinarias as solicitudes oficiais deberán presentarse con suficiente antelación ao desenvolvemento das mesmas.

5ª. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

As solicitudes, en modelo normalizado, están a disposición de todos os interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Deputación de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>), na páxina web do Pazo dos Deportes, <https://pazopacopaz.depourense.gal/>, nas oficinas da instalación e no BOP de Ourense no que teña lugar a convocatoria destas Bases. Coa indicada solicitude deberán acompañar a información necesaria para valorar adecuadamente os criterios que se indican a continuación.

6ª. CRITERIOS DE VALORACIÓN E PORCENTAXE DAS BONIFICACIÓN

De conformidade co devandito artigo 5º da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes "Paco Paz" (BOP núm. 107 de data 11.05.2023), para efectuar a ponderación das solicitudes presentadas, teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- **Actividade continuada durante toda a tempada deportiva**

- a) **Número total de deportistas e de equipos da entidade na súa modalidade deportiva.** Outorgarase unha maior puntuación canto maior sexa a presenza de equipos e deportistas de base, de mulleres e de persoas con diversidade funcional. (de 0 a 20 puntos). Entenderase por deportistas de base os comprendidos entre os 4 e os 18 anos.
 - b) **Nivel da competición dos equipos da entidade, expresando o ámbito xeográfico onde se desenvolve.** Outorgarase unha maior puntuación canto maior sexa a categoría da competición na que participe (de 0 a 15 puntos).
 - c) **Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise da última liquidación oficial de gastos e ingresos da mesma,** dando maior puntuación canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 10 puntos).
 - d) **Outras especiais circunstancias,** razoadas de maneira motivada. (de 0 a 10 puntos)
- **Actividade puntual ou extraordinaria**
- a) **Número total de participantes e público asistente,** outorgando máis puntos canto maior sexa a previsión de participantes e público na actividade (de 0 a 20 puntos).
 - b) **Breve xustificación do interese público, tendo en conta especialmente o seu impacto social,** así como a idoneidade e especial consideración a tal fin, do Pazo dos Deportes, outorgando máis puntos a aquelas actividades que acrediten un interese público ou social relevante, así como unha maior adecuación da actividade a instalación. (de 0 a 10 puntos).
 - c) **Actividades destinadas a colectivos de especial protección,** respecto aos que debemos contribuír a súa integración, atendendo as súas necesidades específicas, contribuíndo con elo o seu benestar físico, emocional e social. (de 0 a 10 puntos).
 - d) **Condicionantes económicos da entidade** provenientes da análise do orzamento da actividade para a que se solicita a bonificación, dando maior puntuación canto maior sexa a contribución de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 10 puntos).
 - e) **Outras especiais circunstancias,** razoadas de maneira motivada (de 0 a 5 puntos).

7ª. RESOLUCIÓN

Tras os informes técnicos previos oportunos, a Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función dos criterios de valoración indicados anteriormente.

A porcentaxe de bonificación sobre a cota do prezo público, calcularase do seguinte xeito:

- De 36 a 55 puntos..... 100 % de bonificación
- De 25 a 35 puntos..... 90 % de bonificación
- De 20 a 24 puntos..... 75 % de bonificación
- De 15 a 19 puntos.....60 % de bonificación
- De 10 a 14 puntos..... 45 % de bonificación
- De 6 a 9 puntos..... 30 % de bonificación
- De 3 a 5 puntos..... 20% de bonificación
- Menos de 3 puntos..... 0% de bonificación

En todo caso, aqueles eventos patrocinados ou subvencionados pola Deputación Provincial de Ourense e as competicións de COPA DEPUTACIÓN nas distintas modalidades deportivas celebradas polas correspondentes federacións deportivas ou entidades autorizadas polas mesmas; que teñan lugar nas instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, serán obxecto dunha porcentaxe de bonificación do 100%.

8ª. RÉXIME DE PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados polas persoas usuarias incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, s e é o caso, tras o consentimento previo da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd@depourense.es. Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

2º.- Publicar o acordo de aprobación das Bases reguladoras e a convocatoria de concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada deportiva 2025-2026, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Pazo dos Deportes, <https://pazopacopaz.depourense.gal/>, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Deputación de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>).

3º.- DESISTIMIENTO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO OURENSE SUR”, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE DO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREGIONAL DE ESPAÑA (2021-2027) (Exp. 2026/4207B).- De conformidade co Ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Desistir do expediente aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial, do 13 de abril de 2026, para a contratación do servizo consistente na asistencia técnica para a execución do “Plan de Actuación Integrado Ourense Sur”, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa de Desenvolvemento Urbano Sostible do Programa Operativo Plurirrexional de España (2021-2027), en execución da resolución n.º 134/2026 do TACGAL, por aplicación analóxica a este expediente.

Considerando que o PAI Ourense Sur atópase xa en fase de execución e a necesidade de finalizar este procedemento antes de incoar un novo con idéntico obxecto no que se emenden os defectos advertidos motivando suficientemente o equipo de traballo esixido, propónse igualmente a tramitación da presente proposta polo procedemento de urxencia

previsto no artigo 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

4º.- DESISTIMIENTO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VALDEORRAS POLOS CAMIÑOS DO SIL”, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE DO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREGIONAL DE ESPAÑA (2021-2027) (Exp. 2026/4207B).- De conformidade co Ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Desistir do expediente aprobado por acordo da Xunta de Goberno provincial do 13 de abril de 2026 para a contratación do servizo consistente na asistencia técnica para a execución do “Plan de Actuación Integrado Valdeorras polos Camiños do Sil”, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa de Desenvolvemento Urbano Sostible do Programa Operativo Plurirrexional de España (2021-2027), en execución da resolución n.º 134/2026 do TACGAL

2º.- Dar conta do acordo adoptado ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL).

5º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA TRAMITADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EN REBORDECHAU NO TERMO MUNICIPAL DE VILAR DE BARRIO. (Exp. 2026/1040H).- De conformidade co Ditame da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Estimar parcialmente as alegacións formuladas por don Delfín Basalo Gómez e dona Ana Belén López Baz no expediente 2026/1040H.

SEGUNDO. Manter integramente a valoración técnica efectuada respecto do solo afectado, fixando o seu valor en 3,90 €/m², conforme co informe técnico que consta no expediente.

TERCEIRO. Estimar a solicitude de expropiación total da finca con referencia catastral 32090A040000860000HS, ao concorrer os presupostos previstos no artigo 23 da Lei de expropiación forzosa por existencia dun resto antieconómico carente de aproveitamento funcional e económico autónomo.

CUARTO. Fixar a indemnización correspondente na cantidade total de CATROCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (462,74 €), comprensiva do valor do ben e do premio de afección legalmente aplicable.

QUINTO. Continuar a tramitación do expediente polos trámites legalmente establecidos.

6º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE EDICIÓNS DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS DE 2026.(Exp. 2026/10043F).

De conformidade co Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Fixar o prezo das seguintes publicacións que están dentro do Plan de Publicacións do ano 2026, e que serán editadas desde a Sección de Arquivo e Publicacións:

OBRAS	Custo maqueta e impresión	P.V.P proposto
Paso a paso por la Vía de la Plata. El Camino Mozárabe en la provincia de Ourense	Custo da obra: - Maqueta, impresión: 9.400,00 € (IVE incluído). Número de exemplares: 400. P.V.P. estimado para cada exemplar: 23,50 €.	Existe unha edición en galego do 2025 exactamente igual a esta. Aquela foi máis cara, por ter que facer o deseño que esta edición empregou, por isto, propónse o mesmo PVP. P.V.P. 25 € + 4% IVE
Ismo. Concello de Cenlle. Estudo para a intervención no medio rural.	Custo da obra: - Deseño e maqueta, impresión e revisión lingüística: 13.920,40 € (IVE incluído). Custo total da obra: 9.893,70 € Número de exemplares: 400. P.V.P. estimado para cada exemplar: 34,80 €	Por redondeo de cantidade: P.V.P. 34 € + 4% IVE

2º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

7º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027 (Exp. 2026/10132G).

De conformidade co Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación da Escola de Artes e Oficios para o curso académico 2026-2027, co seguinte contido:

1.- Accións formativas

A Escola desenvolverá a formación nas seguintes disciplinas artísticas.

Debuxo e Pintura
Talla e escultura en madeira
Modelado-escultura en barro
Olería

2.- Calendario

O calendario do curso será dende o día 1 de outubro de 2026 ao día 30 de xuño de 2027.

Impartiranse cinco (5) horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola. Os profesores disporán dunha (1) hora diaria de preparación das súas clases.

En función da matrícula existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes.

A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios e materiais dispoñibles. Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etc.) será por conta deste.

3.- Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas

O prazo de inscrición será durante os días 1 a 30 de setembro de 2026, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural "Marcos Valcárcel" (rúa Progreso, nº 30) no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación de pago da matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta. Poderán matricularse alumnos a partir dos 12 anos de idade.

4.- Prezos públicos pola participación en acción formativas

Establécese un prezo público de 75 euros en concepto de matrícula.

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

Os prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente

No caso de varios membros da mesma unidade familiar (artigo 82 da Lei 35/2006), o primeiro membro pagaría o total da matrícula, e os seguintes 25,00 € cada un deles.

Aplicarase unha bonificación do 100% aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser desempregados ou, en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade (grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese una bonificación do 100% na matrícula anual en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down.

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web desta Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

8º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027 (Exp.2026/10248M).

- De conformidade co Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación da Escola Provincial de Gaitas para o curso 2026-2027, co seguinte contido:

Seguindo a programación académica contida nos programas dos distintos cursos a actividade docente iniciárase o 1 de outubro e rematará o 30 de xuño, impartíndose hora e media semanal por materia, aparte do mesmo tempo de ensaio semanal e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

Cada disciplina contará con profesor específico.

A actividade docente realizarase na Escola Provincial de Gaitas situada no Campus Universitario de Ourense.

Cada alumno aportará o seu material didáctico.

O prazo de matrícula será do 1 de setembro ao 30 de outubro, ambas datas inclusive. Excepcionalmente poderanse realizar matrículas ao longo do curso, especialmente cando se trata de alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

As inscricións formalizaranse na Escola de Gaitas, Campus Universitario, previo pago a través do prezo público establecido. O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>) en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial.

O prezo da matrícula por curso académico que inclúe as seguintes materias: Gaita, Percusión, Zanfona, Canto e Pandeireta será de **75,00 €**.

En caso de **varios membros da mesma unidade familiar** (artigo 82 da Lei 35/2006), o primeiro membro pagará o total da matrícula, e os **seguintes 25,00 €** cada un deles.

Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou, en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

A programación dos cursos así como toda a información estará dispoñible para os interesados nas dependencias da Escola de Gaitas.

OFERTA DE PLAZAS

CICLO ELEMENTAL GAITA

Preparatorio 1	20 prazas
Preparatorio 2	20 prazas

CICLO MEDIO GAITA

1º Curso	40 prazas
2º Curso	40 prazas
3º Curso	40 prazas

CICLO SUPERIOR GAITA

1º Curso	10 prazas
2º Curso	10 prazas
3º Curso	10 prazas
4º Curso	5 prazas

CURSO ADULTOS GAITA

1º Curso	40 prazas
2º Curso	20 prazas

PERCUSIÓN

1º Curso	20 prazas
2º Curso	20 prazas
3º Curso	20 prazas
Curso especial	10 prazas

CANTO E PANDEIRETA

Preparatorio 1	15 prazas
Preparatorio 2	20 prazas
1º Curso	20 prazas
2º Curso	20 prazas
3º Curso	20 prazas

CURSO ADULTOS CANTO E PANDEIRETA

1º Curso	30 prazas
2º Curso	30 prazas

ZANFONA

1º Curso	10 prazas
2º Curso	10 prazas
3º Curso	10 prazas

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

9º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2026-2027 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DO CCP XAQUÍN LORENZO-ESCOLA DE DANZA (Exp.2026/10250F).- De conformidade co Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a programación das actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escola de Danza para o curso 2026-2027, co seguinte contido:

1.- ACTIVIDADES:

- 1- Obradoiro de Folclore: Baile tradicional, Canto tradicional e pandeireta e Gaita para grupos de acompañamento de baile tradicional**
- 2- Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais**
- 3- Obradoiro de xogos populares**

- Obradoiro de Folclore:

- Baile tradicional, Canto tradicional e pandeireta. Dirixido a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Nº Prazas por actividade 200.
- Duración do curso: dende o día 5 de outubro até o 15 de xuño.
- Horarios de luns a Venres de 17:30 a 21.00 en función da idade e o nivel dos alumnos.
- Tempo de clase será de até 2'30 horas semanais segundo a idade e o nivel.

- Gaita para acompañamento de grupos de baile tradicional. Dirixido a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos sen límite de idade.

- Duración do curso: dende o día 5 de outubro ate o 15 de xuño.
- Nº Prazas: 30.
- O tempo de clase: 2 horas semanais

- Horario: Luns de 18.30 a 21.00 e Venres de 19.00 a 21.30 (a convir co alumnado) en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.

- **Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais:** orientado para alumnos de 8 anos en adiante con interese en coñecer as técnicas de tecido artesanal galegas e no que durante o proceso de formación (4 anos), adquirirán os coñecementos concernentes ao uso do tear de lizo baixo, as súas partes e complementos, a súa preparación e montaxe, os materias e as fibras empregadas, os puntos e deseños tradicionais e a creación de tecidos. Durante o curso, na parte práctica, confeccionarán tecidos para a posterior elaboración de vestiario da Escola de Danza da Deputación e reservarase un período para a elaboración de tecidos para os propios alumnos (neste caso, o material correrá a cargo do alumno).

- Nº Prazas por curso: 20.

- Duración do curso:

- 1º Curso dende o día 5 de outubro ate 31 de xaneiro.

- 2º Curso dende o día 1 de febreiro ate o 31 de Maio.

- Horarios de luns a venres de 17:00 a 20.00 (coa posibilidade de realizalo un día pola mañá en función das circunstancias do alumnado).

- Tempo de clase 3 horas semanais.

- **Obradoiro de xogos populares:** Programa gratuíto dirixido a todos os centros educativos de Educación Primaria e Secundaria da provincia de Ourense.

-Duración do curso: o obradoiro realizarase en cada Centro, entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, con sesións adaptadas ao horario lectivo do centro.

- No período de xuño até setembro as actividades levaranse a cabo nos concellos e

asociacións da provincia, previa solicitude.

- Recursos materiais. O CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

2.- PRAZOS E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.

- Dende o día 15 de setembro ata o día 31 de outubro, formalización da matrícula. O *Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais* requirirá unha preinscrición (do

15 ao 30 de setembro) para selección do alumnado e confirmación da praza, e posteriormente formalizar o pago da matrícula.

- As preinscricións e inscricións formalizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, núm. 4, Local 7, Praza Daniel González, previo pago a través do prezo público establecido. O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>) en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos ou a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial.

- Os centros interesados no Obradoiro de xogos populares, deberán remitir a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o día 15 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo.

3.- PREZO PÚBLICO.

- Prezo público do **Obradoiro de folclore** (Baile, de Canto e Pandeireta e de Gaita), será de **75,00 €** en concepto de matrícula.

En caso de **varios membros da mesma unidade familiar** (artigo 82 da Lei 35/2006), o

primeiro membro pagaría o total da matrícula, e os **seguintes 25,00 €** cada un deles.

Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou en caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (Grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

- Prezo público por cada un dos **Obradoiro de tecido tradicional en teares** programados para o curso (outubro-xaneiro e febreiro-maio) será de **75,00 €** en concepto de matrícula.

Aplicarase unha **bonificación do 100%** aos alumnos que acrediten, mediante certificado expedido polo servizo público de emprego, ser **desempregados** ou en

caso de menores, fillos de desempregados (ambos proxenitores), ao igual que para os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con **discapacidade** (Grao I de discapacidade ou equivalente, + ou = 33%).

A programación dos diferentes cursos así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola, situada no Centro Comercial As Lagoas, núm. 4, Local 7, Praza Daniel González.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial de Ourense, para xeral coñecemento.

10º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACION CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DA BOLA (Exp.2025/20247A). De conformidade coa proposta favorable da

Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2026 no Concello da Bola, do xeito seguinte:

- a) Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Proxecto mellora acceso a Vilaverde	3.266,23	3.266,23	0,00

- b) Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Proxecto mellora acceso a Vilaverde	7.000,00	3.266,23	3.733,77

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

11º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACION CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE MELÓN (Exp.2025/20285H). De conformidade coa proposta favorable da

Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2026 no Concello de Melón, do xeito seguinte:

a) Causan baixa do plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Formigonado de camiño no Lg. de Portalaxe.	11.830,66	11.830,66	0,00

b) Causan alta no plan as seguintes actuacións, no Programa de investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Construcción de balado e actuación de formigonado na súa contorna no Lg. de Portalaxe.	11.830,66	11.830,66	0,00

2º.- Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

12º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2026 EN RELACION CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR (Exp.2025/20314R).

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Incremento do importe da actuación “honorarios facultativos (redacción de proxecto, dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde) con cargo a remanentes na achega provincial pola baixa na adxudicación da obra “Acondicionamento e mellora de firme nos núcleos de Parada, Vilaboa, Casanova, Ribela, Regueiro, Cerradao, San Martiño Outeiromeo e Os Campos” quedando a dita actuación como se reflexa a continuación:



Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Honorarios facultativos (redacción de proxectos, dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde)	15.680,49 € (580,49 € + 15.100,00 € remanentes)	15.680,49 € 580,49 € + 15.100,00 € remanentes)	0,00

**2º.-
Do
cita**

do acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

13º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE MANZANEDA, PARA MANTEMENTO ESTRADA A CIMADEVILA. IMPORTE:31.500,00 euros. (Exp.2026/606F).-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Manzaneda, nos seguintes termos:

-Importe: 31.500,00 euros.

-Obxecto: Mantemento Estrada a Cimadevila.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (31.500,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade.

Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades

locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

14º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE MONTERREI, PARA ARRANXO VIA PÚBLICA NA MADALENA. IMPORTE: 40.000,00 euros. (Exp.2026/620K).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Monterrei, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 euros.

-Obxecto: Arranxo vía pública na Madalena.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo orzamento que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (40.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non

personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións

